# LUÍSA VILLALTA

A Coruña, 15 de xullo de 1957- 6 de marzo de 2004





# Do outro lado da crítica, a poesía de Luísa Villalta Gómez

A violinista

Poeta, narradora, ensaísta, dramaturga, colaboradora en prensa.

**A polígrafa da Cidade Alta**

Profesora de Lingua e Literatura Galegas de Ensino Medio.

# E se eu vos digo que Luísa Villalta escribiu para vós?

Escribiu para o futuro:

*As chaves do tempo,* (narrativa).

Dialogou coa literatura que a precedeu.

Procurou ás damas que antano cantaron.

As súas obras son de total actualidade.

**Xornalismo**: O libro das columnas.

**Ensaio:** a cociencia da escrita. Conciencia de ser escritora.

A conciencia de ser  cidadá, de devir galega e ser humana.

# Hai vinte anos

27 de febreiro lectura do poema "Debilidade". Acto sobre Palestina.

4 de marzo. Columna *A nosa terra*. "Cultura, Cultureta, Culturismo".

6 de marzo. Reunión da AELG

**8 de marzo**. Cemiterio de San Amaro.

Día da Muller. Oleiros (Pola mañá).

Recital en Compostela (Pola tarde)

**Camiño de Santiago. 22 de marzo día mundial da auga.**

# Hai 20 anos
# “FLYING CARPET” “ALFOMBRA MÁXICA”

150 mulleres do mundo tecen a“*alfombra máxica ou voadora*”.Tema: "V*isións e enerxías desde a perspectiva das mulleres*”. En **Galiza**:

Gravados: Virginia Barros, Raquel Blanco, Berta Cáccamo, Tita Fraga, Dolores Galvez, Anne Heyvaert, Blanca Silva, Ana Soler, Lola Solla.

Texto (e) imaxe: Uxía Blanco, Susana Fernández, Yolanda Herranz.

Poesía: Olga Patiño, Ánxeles Penas, Luz Poz Garza, Luisa Villalta.

**Exposición Fundación Gonzalo Torrente Ballester**. Compostela (3 de marzo ao 27 de abril de 2004)

**8 de marzo. Homenaxe a Luísa Villalta**. Na sede a fundación.

Eva Veiga, Rosa Aneiros, Olga Patiño, Anxeles Penas e a fotógrafa Maribel Longueira. Grupo de corda “Campo de Estrelas”.

# Hai 20 anos
# “FLYING CARPET” “ALFOMBRA MÁXICA”

**Exposición** (6 de maio ao 13 de xuño) **Centro Social Caixa Nova de Vigo Encontro da Marcha Mundial das Mulleres en Vigo.**

21 de maio **Recital Poético:** Mónica Bar, Uxía Blanco, Olga Patiño, Anxeles Penas e María Xosé Queizán (Leu entre os seus textos o primeiro poema de Mulier Mensura de *Ruído*).

Violinistas: Laura e Marina Quintillán.

**Exposición** (15 de marzo ao 10 de abril de 2005) **Pazo da Cultura de Pontevedra.**




"Rota ao interior do ollo"
LUÍSA VILLALTA
(GALIZA)

# XANELA da LUA

COORDINACION
Rivadulla «Corcón»
Viki Rivadulla



Autor: Nolo

## ESCOLMA DA POESIA GALEGA (1976-1984)

Xosé Lois García, estudoso de canto á Cultura galega se refire, chantadino, residente en Barcelona, onde se forxan moitas das empresas que lle dan vida e vigor a esta nosa literatura resurxida (alí residen e traballan media ducia de primeiros poetas e críticos que manteñen permanente comunicación cor. todo o que sucede no país, paliando con xeneroso esforzo as dificultades que a distancia comporta), el mesmo poeta, autor de catro libros, entre os que destacan, **"Non teño outra Cantiga"** e **"Aquarium"**, crítico e traductor de literatura portuguesa en toda a área lusófona, autor de unha antoloxía de poesía portuguesa e doutra mozambicana, tomóu a non doada decisión de achegarse á poesía galega dos últimos anos, e ofrécenos esta escolma, tantas veces botada en falta, o que viña evidenciar a existencia dun valeiro ao que se había que enfrentar con urxencia. Cónstanos que varios autores empezaron o traballo, sin que o deran levado a feliz término.



**"Escolma da Poesía Galega, 1976, 1984" de Xosé Lois García.**

Velaí, pois, que esta obra de Xosé Lois García, certamente parcial e, con seguridade, contestada dende algunhas instancias, características, por outra parte, de todas as antoloxías, amosa ese decidido propósito de contribuir a unha aproximación sistemática e ordenada, a aqueles textos de autores que deron a conocer a sua obra entre os anos 76 e 84. Esto xa sería suficente pra xustificala. Porque, xusto no momento de ruptura coa poesía anterior, cos últimos epígonos do realismo social, arredor do ano 77, prodúcese o que dempóis se convertiría nunha lírica renovada e actual, que moi ben se, pode comparar a calquer movimento semellante producido en Catalunya ou Madrid, pola orixinalidade, calidade, obxectiva e universalidade. Non obstante, resulta curioso, esta poesía de grandes miras, tivo un eco popular moito menor, como o demostran as escasas tiradas e os menos lectores. De aí que o libro de Xosé Lois García, ao presentar recopilados aos autores, ofreza a posibilidade dun conocimento, parcial, pero interesante na sua aproximación a cada un deles.

Non se pode discutir moito a selección, porque é case exhaustiva, anque haxa ausencias, como a escasa representación do grupo "Alen", ou a representatividade do matrimonio Rábade-Villar, a traveso, unecamente, do marido, si ben se fai constar a coautoría. Igualmente se pode discutir a selección dos textos —Xosé Lois García decidiuse pola escolla de cinco poemas por autor, nun criterio igualitario, que lle evita problemas, pero que non ten porque ser o máis equitativo—, cos que moitos autores non se sinten identificados. Mais esto sería cousa de non acabar porque cada antólogo escollería poemas diferentes.

Cecais as maiores tachas estén na falla de profundidade nas análises das poéticas. A miudo, unecamente se aportan unhas líneas urxentes de orientación ao lector, sin entrar a facer unha valoración e un estudo crítico. Xosé Lois García parece que se inclina por unha antoloxía meramente divulgativa e non por un estudo en profundidade. Sería de desexar cando menos, un limiar máis extenso, de meirande densidade conceptual, e de máis pormenorixado e demorado análise, ou ben palialo, cunha aproximación máis detallada a cada autor en particular.

Un dos valores que ofrece é o descubrimento de poetas inéditos que en algúns casos non deberan estalo e que se dan a conocer a traveso destas páxinas.

Encomiable o esforzo de Xosé Lois García, que conquire, malia las deficiencias apuntadas, unha obra orientadora e representativa. Mágoa non adicar algún tempo máis á sua preparación co cal esta escolma se faría de consulta obrigada.

Chama a atención, outramente, a exquisita presentación do libro, perfectamente coidada, da Editorial Sotelo Blanco, cunha fermosa tapa de Alfonso Costa. Neste caso máis que de dignidade, habería que falar de edición de luxo.

Escolma da poesía galega. 1976-1984. **Xosé Lois García.** Sotelo Blanco. Barcelona. 84. Colecc. Vento que Zoa.

**Xulio López Valcárcel**

## SETE HAIKUS

O ritmo
en que gotea o inverno
é íntimo.

Todo o día chovendo
e un xinete palpita
por fora e por dentro.

Un maniquí distraído
dentro do escaparte:
a sua conversa é comigo.

Un péndulo incesante,
a tarde se acompasa
dormida nun estanque.

Cristal de luz de agosto,
no mar se desparrama
como un vaso roto.

Luz e silencio:
cada noite parece
que pasa mais cedo.

Pálida é a tristeza.
Mais pálida ainda a lua
sobre a que corre esta pena.

**Luisa Villalta**

## PARA A ANTORCHA E JORGITO

Para que tú me oigas
mis palabras
se adelgazan a veces
como las huellas de las gaviotas en las playas.
Todo lo llenas tú, todo lo llenas.

**PABLO NERUDA**

Alimenta-me amor co que de milho comportas
e alegre-te de ter sido assi,
límpida como o lencol
e acoñacada como a música.

Alimenta-me amor com apenas mirar-me
incinera-me se for preciso
e oculta-te onde a verdade sem rubor reinasse
onde poder sermos com todas as espadas abolidas.

Alimenta-me amor como gostasses
pois es primavera onde se inclinar quedo,
barco no que naufragar ausente,
a ternura mesma da reconquista.

Alimenta-me amor ou mata-me,
alimenta-me amor, abrassa-me
que já som horas
de ressuscitar a cerimónia desnuda do mar.

**Henrique Manuel Rabunhal Corgo (1985)**

# A poesía na aula.

**- Dá medo a poesía?**

**- A poesía condenada.**

**- A poesía non se entende. A poesía de Luísa Villalta é hermética.**

**- As cancións na nosa infancia.**

**- As cancións noutros idiomas.**

**- A necesaria lectura na aula. A necesaria lectura en todas as materias.**

**-A necesaria lectura de poesía.**

**- Escribirmos poesía. Xogarmos coa poesía.**

# A POESÍA

1985: “Sete haikus”, *El correo gallego,* (4/4/1985)

1987: “O oco da palabra (selecçom)”. *Agália, 10*. 219-225.

1991: *Música reservada*. Sada (A Coruña): Ediciós do Castro.

1995: *Ruído*. Culleredo (A Coruña): Espiral Maior.

1995: *Rota ao interior do ollo*. Lisboa: E. Tema.

2004: *En concreto*. Culleredo (A Coruña): Espiral Maior.

2006: *Papagaio*. (fotografías: Maribel Longueira), Ames (A Coruña), Edicións Laiovento, 2006.

# Poesía espallada

1985: “Sete haikus”, *El correo gallego,* (4/4/1985)

1987: “O oco da palabra (selecçom)”. *Agália, 10.* 219-225.

1992: "Mulier mensura". *Festa da palabra silenciada 9.* 166.

1995: "Soneto a Picaso". *Desde mil novecentos trinta e seis: homenaxe da poesía e da plástica galega aos que loitaron pola liberdade.* Sada: Edicións do Castro.

1996: "As damas que antano cantaron". *Festa da palabra silenciada 12.* 123

2001: Contestación a un poema de Avilés (“Concerto de outono”). *Casa da Gramática, número 11*. Publicado tamén en: VV.AA (2003): *Avilés de Taramancos. Homenaxe,* La Voz de Galicia, Día das Letras Galegas. 91-92

# Poesía espallada

1985: “Sete haikus”, *El correo gallego,* (4/4/1985)

1987: “O oco da palabra (selecçom)”. *Agália, 10.* 219-225.

1992: "Mulier mensura". *Festa da palabra silenciada 9.* 166.

1995: "Soneto a Picaso". *Desde mil novecentos trinta e seis: homenaxe da poesía e da plástica galega aos que loitaron pola liberdade.* Sada: Edicións do Castro.

1996: "As damas que antano cantaron". *Festa da palabra silenciada 12.* 123

2001: Contestación a un poema de Avilés (“Concerto de outono”). *Casa da Gramática, número 11*. Publicado tamén en: VV.AA (2003): *Avilés de Taramancos. Homenaxe,* La Voz de Galicia, Día das Letras Galegas. 91-92

# Poesía espallada

2002: *Apresados sen presa* (Escolma). A Coruña: eDixital. (Biblioteca Virtual Galega/ AELG)

2002: "Apresada sen presa". *O trazo aberto. Poesías e debuxos.* Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

2003: "Debilidade". *Intifada. Ofrenda dos poetas galegos a Palestina.* Santiago de Compostela: Fundación Araguaney.

2003: "Indíxena da civilización". *Alma de Beiramar.* Edicións A Nosa Terra/ AELG. 60-63.

2003: "O sinal". *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra.* Federación de libreiros de Galicia/ Espiral Maior/ Edicións Xerais, 201-202.

2003: "Rota ao interior do ollo" en *Botella ao Mar.*Santiago:Tórculo.

2004: "Rota ao interior do ollo" en *Flying Carpet.* Santiago: Xunta de Galicia.

# Poesía espallada

2003: "O oceano e as ondas. Primeiro movimento (Allegro)". *Sempre mar. Cultura contra a burla negra.* Santiago de Compostela: Asociación Cultural Benito Soto. 117.

2003: "Poética da concreción". *Boletín galego de literatura 29,* 249-257.

2004: "Fada Morgana", *Madrygal*, 2004, 7 158-158.

2004: " Soedade ou mercado", *Madrygal*, 2004, 7 158-158.

2006: "Materia de Alexandre Bóveda" en *Cartafol poético para Alexandre Bóveda.* Culleredo, A Coruña: Espiral Maior. 38-39.

2006: "Materia de Alexandre Bóveda" en *Poemas pola memoria (1936-2006).* Santiago: Xunta de Galicia.

# Na compaña de Luísa Villalta Poeta.

1- O Proceso da escrita:

Compararmos: 1992: "Mulier mensura". *Festa da palabra silenciada 9*. 166. // Coa publicación en *Ruído*.

*As palabras ingrávidas*. Poemario ou apuntamentos poetícos nun almanaque?

2- A relación da poesía coas outras artes: De *Música reservada* a *Papagaio*.

3.- A muller na poesía: 1996: "As damas que antano cantaron". *Festa da palabra silenciada 12*. 123. /// 2004: "Fada Morgana", *Madrygal*, 2004, 7 158-158.

4. Un pouco de filosofía: 2004: " Soedade ou mercado", *Madrygal*, 2004, 7 158-158.

# Na compaña de Luísa Villalta Poeta.

5.- Diálogo con outros poetas: Con Avilés de Taramancos:

2001: Contestación a un poema de Avilés (“Concerto de outono”). *Casa da Gramática, número 11*. Publicado tamén en: VV.AA (2003): *Avilés de Taramancos. Homenaxe,* La Voz de Galicia, Día das Letras Galegas. 91-92

Con Uxío Novoneira: 1999: "Galiza ou nada". *A Nosa Terra*. (4/11/1999)

6.- O Prestige e Nunca Máis: 2003: "Indíxena da civilización". *Alma de Beiramar*. Edicións A Nosa Terra/ AELG. 60-63.

2003: "O sinal". *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra.* Federación de libreiros de Galicia/ Espiral Maior/ Edicións Xerais, 201-202.

7.- Palestina: 2003: "Debilidade". *Intifada. Ofrenda dos poetas galegos a Palestina.* Santiago de Compostela: Fundación Araguaney.

8.- "Materia de Alexandre Bóveda". 2006: "Materia de Alexandre Bóveda" en *Cartafol poético para Alexandre Bóveda.* Culleredo, A Coruña: Espiral Maior. 38-39.

# Para levarmos ás aulas

2000: "Sobre un certo estado de conciencia", en "Revista das Letras", suplemento cultural de *Galicia hoxe*, 27/07/2000.

2003: "Poética da concreción". *Boletín galego de literatura 29,* 249-257.

**Sobre a muller escritora.**

1994: "Mulleres si, pero". *Festa da palabra silenciada 10.* 48-49

2003: "Por que os homes non nos len? (A difícil homologación da literatura escrita por mulleres)". En B. Fortes (coord.), *Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf* . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 61-84.

**En Portugal**

1998: "Nós, Aqueles" . *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia & CRPIH.

# Para levarmos ás aulas

1999: "Galiza ou nada". *A Nosa Terra*. (4/11/1999)

2000: "Sobre un certo estado de conciencia", en "Revista das Letras", suplemento cultural de *Galicia hoxe*, 27/07/2000.

2003: "Poética da concreción". *Boletín galego de literatura 29,* 249-257.

**Sobre a muller escritora.**

1994: "Mulleres si, pero". *Festa da palabra silenciada 10.* 48-49

2003: “Por que os homes non nos len? (A difícil homologación da literatura escrita por mulleres)”. En B. Fortes (coord.), *Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf* . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 61-84.

**En Portugal**

1998: "Nós, Aqueles" . *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia & CRPIH.

# Para levarmos ás aulas

1999: "Galiza ou nada". *A Nosa Terra*. (4/11/1999)

2000: "Sobre un certo estado de conciencia", en "Revista das Letras", suplemento cultural de *Galicia hoxe*, 27/07/2000.

2003: "Poética da concreción". *Boletín galego de literatura 29,* 249-257.

**Sobre a muller escritora.**

1994: "Mulleres si, pero". *Festa da palabra silenciada 10.* 48-49

2003: "Por que os homes non nos len? (A difícil homologación da literatura escrita por mulleres)". En B. Fortes (coord.), *Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf* . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 61-84.

**En Portugal**

1998: "Nós, Aqueles" . *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia & CRPIH.

# Poesía (Re)editata, Reunida ou Nova.

2020: *As palabras ingrávidas*. Santiago: Centro Ramón Piñeiro. Xunta de Galicia. (Edición de Armando Requeixo).

2021: *O outro lado da música, a poesía.* Vigo: Editorial Galaxia. (Prólogo de Armando Requeixo).

2023: *Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004)*. Vigo: Editorial Galaxia. (Edición de Armando Requeixo)

2024: *Así vou eu, formando parte.* Santiago: Chan da pólvora Editora. (Escolma poética e textos Complementarios de Pilar Pallarés e Eva Veiga).

# COMPAÑEIRAS

- Entre o grupo poético de Vigo e con Rompente.
- Entre o grupo poético da Coruña.
- Entre o amor e desamor.



Pilar Pallarés



Xela Arias



Ana Romaní



Chus Pato

# SETE HAIKUS

O ritmo
en que gotea o inverno
é íntimo.
-------------
Todo o día chovendo
e un xinete palpita
por fóra e por dentro.
------------------
Un maniquí distraído
dentro do escaparate
a súa conversa é comigo.

Un péndulo incesante,
á tarde se acompasa
dormida nun estanque.
--------
Cristal de luz de agosto,
no mar se desparrama
como un vaso roto.
---------------------
Luz e silencio:
cada noite parece
que pasa máis cedo.
----------
Pálida é a tristeza
máis pálida aínda a lúa
sobre a que corre esta pena.

•

# Zarabanda

Porque os ares son imensos, sempre fóra,
parecen ao que está dentro incomprensíbeis,
pero as almas e as aves que os percorren
non comprenden o interior nin o recordan.

Porque o son é o momento único da vida,
que brota para o ar, e do ar ao eterno,
o saber é recordar, e recordar é tempo
transgredido do seu único sentido.

Por que a eternidade tan dorida
está de ignorar o que é eterno
se saber é voltar ao máis efémero?

Se cantar é recordar a melodia
sendo a vida a que se inventa en cada
[acorde
por que repetirse e ser o único é o mesmo?

"Música reservada" (1987) en *Música Reservada.* 1991.

## RITOS DE RESISTÉNCIA

*ISTO é poesía, un ruído provocado. Non ornamento*
*sonoro, arabesco para as pontas dos dedos: inecesários*
*encaixes para a alma dormir ou sentir a levedeza da onda*
*cando apenas chega a romper. Provocación de boca con fame,*
*isto. E a fame adormece ou reclama.*
*Fronte á rutina, o rito da palabra tensa a pel do mundo:*
*un tambor que deperta. A pel estremece-se porque recoñece a*
*morte que baila fóra da tumba.*
*Isto é tamén unha muller que resiste.*

Ruído, 1995

# En Concreto

A CIDADE




Asentamento dos pasos arredor da mente
instante de dispersión encistada
múltiplo eu
vento de orgullo ateigado de olvido
torceduras do espazo
superficie aliñavada
límite exterior das obsesións
axirrido arreitado
fertilidade estiñada
ollos en sucesión
portas que se pechan
escadas enguedelladas
fuxida final
achegamento dos abismos
mar detido contra os cons do corazón
eu en nós
sen nós
eu



Eva Veiga



Luísa Villalta



Maribel Longueira









## Materia de Alexandre Bóveda

Non somos felices,
nen sequer o son aqueles que mataron
en ti, Alexandre, o don que nos legache,
que é o de ser, por ti, xa para sempre
da mesma materia que a terra que te cobre.
E podo asegurarche que non son,
Cando nos pisan aínda erráticos cara nengures,
aqueles triunfadores que se rían nas tabernas
emborrachando os ouvidos porque lles zunían
co sonido rastreiro e indelébel dos disparos.
Non son felices no triunfo imperdoábel
Que nen eles mesmos son capaces de esquecer,
Porque a terra brandamente lles renxe baixo os pés
E florece coa canción sutil da vida
E reverdece inevitabelmente cada vez
Que pronunciamos a palabra:
Esa palabra que non nos fai máis felices, a nos tampouco
Porque por ella nos mataron e aínda nos apontan
Co fusil do dedo acusador,
Cando ousamos pronunciar,
Coa boca chea do que somos e queremos
O nome teu, Galiza.

(Congreso Alexander Bóveda e o seu tempo, novembro, 2003)

# Recoñecementos

1990: Accésit do Premio de Relatos Pedrón de Ouro "A taberna do holandés".

1990: (Segundo Premio) 1º Certame Literario de Filoloxía co *Poema Cíclico para soprano e cuarteto de corda.*

2003 Premio Espiral Maior Poesía por *En Concreto*.

2005 Premio da Crítica Galicia á creación literaria por *En Concreto*.

Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras da Universidade da Coruña.

Premio Luísa Villalta de proxectos culturais pola igualdade da Deputación da Coruña.

2022: Nomeada Nosa Señora das Letras por A Sega.

2024: Letras Galegas RAG.

# Poética da concreción

Un día saín do meu violino, lembro, e enxordecín a escala da corda por lle facer nós de palabras que me permitisen baixar aos camiños, como unha dama aristocrática empobrecida pola necesidade de coñecer. Non sei cal das dúas condicións, a aristocracia ou a pobreza, me levou aos vieiros da resistencia, onde perdín unha guerra que xa fora perdida. Así arrastro as miñas feridas transhumnas polas trincheiras inútiles da cotidianidade.

Quixen matar a morte provisional, moito máis letal que a definitiva.

Quixen, quero, transcreber o que vibra en min, o que escoito. O que é.

2003: "Poética da concreción", *Boletín galego de literatura 29,* 249-257.

# Sobre un certo estado de conciencia.

"(…) Os temas non son meus, son o mundo mesmo. E, á vez, o mundo mesmo son eu. O tema é o que me fai a min comunidade: Unha preocupación polo devir da humanidade, unha maneira galega de ser humana, unha preocupación polo devir de ser galega."

2000: "Sobre un certo estado do conciencia", en *Revista das Letras* Suplemento *Galicia hoxe,* (27/07/2000)